



Mancomunidade de Concellos do Morrazo

**INFORME TÉCNICO DE VALORACION DA OFERTA PRESENTADA
POLA EMPRESA GSC Á CONTRATACIÓN DO CONCESIÓN DO SERVIZO
PUBLICO, DE PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA, TRANSPORTE E
TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DA
MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO.**

Emitido por D. Salustiano Mato, como catedrático do Departamento de Ecología Bioloxía animal, en representación da Universidade de Vigo Informe de valoración positiva en relación coa referida oferta e sometido a informe técnico desta xerencia, unha vez concluído o estudo da oferta presentada, e recibidas as aclaracións solicitadas, a valoración realizada é a seguinte:

OS APARTADOS 1, 2 E 11 NON SON OBXECTO DE INFORME NESTE INTRE POR CORRESPONDERSE COA OFERTA ECONÓMICA.

- 1.- A maior baixa ofertada respecto ó prezo máximo de licitación: ata 20 puntos.**
- 2.- Mellora do canon: ata 5 puntos**
- 11.- Mellora na oferta económica de retirada da maquinaria non reutilizable: ata 2 puntos.**

- 3.- As melloras que cada licitador propoña respecto dos servizos previstos nos pregos de condicións técnicas: ata 20 puntos.**

As melloras estarán claramente identificadas, cuantificadas e valoradas economicamente. En todo caso estarán relacionadas cos servizos obxecto deste concurso e non poderán repercutirse no estudo de custo dos servizos.

Considerarase mellora:

- 3.1.-O aproveitamento de outros materiais reciclables, non contemplados no Prego como: textís, madeira, metais, procedentes de voluminosos, etc. Ata 5 puntos**

Non oferta

- 3.2.- Plan de recollida específica de restos vexetais procedentes de limpeza de xardíns e fincas particulares. . 5 puntos**



Mancomunidade de Concellos do Morrazo

Para a recollida específica destes restos a Empresa oferta a colocación de 12 contedores de 14 m³ en puntos por determinar de acordo cos responsables da Mancomunidade, que serán recollidos cun vehículo de gancho. 3 PUNTOS

3.3.- Plan de recollida específica de restos comerciais. Ata 5 puntos

Realízase cunha frecuencia de 3 días semanais en turno de tarde. 3 PUNTOS

3.4.-En canto a contenerización terán a consideración de mellora: Ata 5 puntos

1.- O reforzo dos puntos de gran produción.

Co sistema de contenerización que se propón, considera a empresa que os puntos de gran produción de residuos quedan perfectamente dotados de contenerización. O deseño fíxose para dar solucións as necesidades de calquera época do ano, mantendo durante todo o ano o que agora se realiza como reforzo estival 5 PUNTOS

2.- A identificación dos contedores por código de barras.

Obligado por pregos, non é obxecto de valoración

4.- As melloras que cada licitador propoña respecto do proxecto de adecuación da planta de residuos: 10 puntos.

4.1.- Terán especialmente a consideración de melloras:

O uso de enerxias renovables no normal funcionamento do Complexo medioambiental

Oferta a instalación solar térmica para produción de auga quente sanitaria. 3 PUNTOS

4.2.- Calquera actuación encamiñada a mellorar a imaxe e coidado do entorno do Complexo

Oferta a instalación dunha nova porta de acceso de entrada a planta e caseta prefabricada de madeira para control de acceso e instalación de sistema de videovixancia para control das instalacións. 4 PUNTOS



Mancomunidad de Concellos do Morrazo

5.- Mellor organización e prestación do servizo en función da calidade do proxecto presentado que desenvolva de forma completa os servizos obxecto de contratación: ata 15 puntos.

Para valorar este criterio teranse en conta os seguintes aspectos:

5.1.- A aportación da totalidade dos datos esixidos, a xustificación técnica dos traballos, equipos e medios persoais en base a medicións, rendementos e viabilidade do proxecto no seu conxunto.

Emprego do programa de xestión S.A.P. (empresa alemana referente en aplicacións empresariales) para o control de persoal, compras, almacén ,etc. e un S.I.G. (Sistemas de Información Xeográfica) para o control dos servizos. G.S.C. habilitará unha aplicación informática a que terá acceso a Mancomunidad co fin de coñecer o estado dos distintos servizos, o control do persoal, etc.

5 PUNTOS

5.2.-A organización e plans de traballo diferenciados para cada un dos servizos obxecto do concurso a súa interrelación así como a planificación dos servizos xerais da empresa, con respecto ós mencionados servizos.

Un dos módulos fundamentais : “Servicios”, desplega un menú co conxunto de servizos que se atenden dende esta explotación.

O menú desplegable poderíase dividir en catro grandes grupos:

- Servicio de Recollida de Residuos*
- Xestión del Punto Limpio*
- Lavado de contedores*
- Servizos Especiais*

Dentro de cada un destes servizos, aparecerá un formulario de entrada de datos, que coincidirá co parte de traballo que o operario cumplimenta durante o transcurso do seu servizo.

5 PUNTOS

6.- Medios técnicos, material móbil e demais equipos: ata 10 puntos.

Para valorar este criterio teranse en conta os seguintes aspectos:

6.1.- Características técnicas dos vehículos

Todos cumplen coa norma EURO 5

3 PUNTOS

6.2.- Xustificación dos medios propostos a súa adaptación ós traballos a realizar así como a súa versatilidade.

1 PUNTO



Mancomunidade de Concellos do Morrazo

6.3.- Plan de mantemento.

Calendario de inspección de mantemento preventivo

As Inspeccions realizaránse:

– “A” I.M.P. Semanal - non máis de dúas veces por semana

TEMPO DE TRABALLO: 1,5 - 2 Horas (dependendo do Vehículo)

– “B” I.M.P. 250 a 300 horas de operación (no superar 6 semanas o 10.000 kilómetros)

TEMPO DE TRABALLO: 4,5 a 6 Horas (dependendo do Vehículo)

– “C” I.M.P. Anual

TEMPO DE TRABALLO: 6,5 a 12 Horas (dependendo do Vehículo) 3 PUNTOS

En todo caso os contedores han de cumprir a UNE EN-840 e UNE EN-12574

7.- Xestión do punto limpo, nas instalacións que a Mancomunidade poña a disposición do Contratista, ata 10 puntos.

A proposta adaptase ó cumprimento do convenio, con apertura de 3 días semanais
7 PUNTOS

8.- Programa de sensibilización e concienciación cidadá en materia de recollida selectiva, valorándose especialmente actividades e propostas innovadoras encamiñadas a implicación cidadana na redución e separación en orixen dos distintos componentes do lixo: concursos, xogos na rede, organización de visitas as instalacións: colexios, colectivos.....etc., ata 10 puntos.

A organización de campañas e actividades de información e divulgación desenrolanse para cegar a todo o público dos Concellos, con visitas guiadas o Complexo Mediambiental, centros ou aulas asociados e infraestructuras de xestión de residuos

1. Realización de campañas de concienciación cidadana.

2. Realización de visitas programadas Complexo Medioambiental, Aula e Punto Limpo.

3. Realización de actividades lúdicas e divulgativas **8 PUNTOS**

9.- Programación de controis da organización da explotación dos servizos proposto polos licitadores: ata 5 puntos.

Oferta de información diaria, semanal de programación e mensual a través de partes. Así como informes mensuais de servizos realizados. **4 PUNTOS**



Mancomunidad de Concellos do Morrazo

10.- Os programas de formación e capacitación en materia de seguridade e saúde laboral: ata 5 puntos.

G.S.C. no departamento de Recursos Humanos ten un responsable de Formación que xunto cos responsables de cada departamento determinan as necesidades formativas da empresa para cada ano. Así como un responsable de Prevención de Riscos Laborais que se ocupa de coordinar as actividades preventivas xunto con el servizo de prevención externo, das diferentes instalacións que están asociadas .

O Plan de Saúde Laboral ten por obxectivo a “prevención das enfermidades profesionais”.

3 PUNTOS

TÁBOA RESUMEN

CRITERIO DE ADXUDICACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA POR PREGOS	VALORACION DA OFERTA G.S.C.
3	20	
3.1		Non oferta
3.2		3
3.3		3
3.4.1		5
3.4.2		Obrigado por prego
4	10	
4.1		3
4.2		4
5	15	
5.1		5
5.2		5
6	10	
6.1		3
6.2		1
6.3		3
7	10	7
8	10	8
9	5	4
10	5	3
TOTAL	85	57



Mancomunidade de Concellos do Morrazo

NOTA: En relación coa aclaración presentada sobre o cumprimento da Norma requerida en calidade dos contedores sinalase que, con carácter previo á proposta de adxudicación provisional, deberá acreditarse pola empresa que dito equipamento cumpre coa Norma UNE 12574 nos tres apartados que a compoñen.

Xúntase ó presente Informe requerimento de aclaracións formulado pola Comisión Técnica á empresa licitadora sobre a súa oferta (Anexo I) e documento de aclaracións presentado pola empresa (Anexo II).

Moaña, 4 de xaneiro de 2010

A XERENTE

CONFORME

A COMISIÓN TÉCNICA